



.....

Xornada

DA EMERXENCIA (CREATIVA)

**Prácticas artísticas contemporáneas
na procura urxente do cambio, cara a
unha sustentabilidade social,
económica e medioambiental na
sociedade actual.**

.....

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Martes, 21 de setembro de 2021



Conversas participativas sobre diferentes proxectos artísticos e modelos de xestión cultural que fomentan a reflexión, implicación e reacción, mudando a conciencia cara ao cambio climático.

Nun mundo cada vez máis polarizado e nunha realidade cambiante, na que unha situación pandémica global fixo tremer os alicerces da nosa sociedade, especialmente do mundo occidental, é transcendental un “repensar” o noso lugar no mundo, sendo urxente (e emerxente) un cambio profundo no noso modelo de vida, de consumo e de redistribución de recursos.

Coa intención de debater, mais tamén de compartir, experiencias, estratexias e ferramentas artísticas e investigadoras para recuperar espazos perdidos, repensar a forma de ser e estar das persoas no mundo e construír novas paisaxes contemporáneas dende a sustentabilidade, nas súas tres dimensións simbólicas (social, económica e medioambiental), esta xornada pretende xerar sinerxías entre diferentes campos de coñecemento: cultura, filosofía, ciencia, educación e política, entre outras.

“Da emerxencia (creativa)” pretende ser un espazo de reflexión para facer crítica e autocrítica dende o sector artístico e cultural, dende a nosa posición (e posicionamento), a nosa capacidade de acción (e reacción), nun momento clave no que a urxencia nos indica que “chegamos tarde” ante a deriva irrespectuosa da nosa existencia. Que papel pode desempeñar a arte na procura dun cambio social cara a un desenvolvemento sustentable e igualitario do mundo?

Achegarémonos a proxectos de artistas de diversas disciplinas que abarcan o asunto dende diferentes perspectivas, a iniciativas culturais, sociais e educativas que están a desenvolver accións mobilizadoras, a institucións e entidades que están a promover propostas con valores sociais e medioambientais neste eido, así como a figuras relevantes que son xa referentes nesta corrente en prol da sustentabilidade dende a creación artística e cultural.

Programa

16:00 horas
Presentación

16:15 horas
Relatorios
ACCIÓN PARA A REACCIÓN: Un diálogo con artistas acerca da creación artística na contorna natural dende a sustentabilidade

- **FERNANDO CASÁS**, artista multidisciplinar, doutor en Belas Artes e profesor da Facultade de Belas Artes na UVigo, un dos fundadores do movemento Arte e Natureza nos anos sesenta.
- **PAMEN PEREIRA**, artista multidisciplinar e fundadora da Asociación JAADA (Jua (yua) African Arts for Development Association), entidade que traballa en África en colaboración coa fundación tanzana Jua (yua) Arts Foundation for Children, fundada polo artista tanzano Vitali Maembe, impulsando a idea de educar na arte como medio e ferramenta de transformación social.
- **RUTH MONTIEL ARIAS**, artista multidisciplinar, cuxos proxectos de creación investigan a relación humana co territorio natural e os seus conflitos derivados da dominación e opresión animal, ambiental e social.

18:00 horas
Descanso

18:15 horas
Relatorios
RACHANDO MODELOS ANACRÓNICOS, CARA A UNHA INSTITUCIÓN CULTURAL SUSTENTABLE: Un diálogo con profesionais da xestión cultural acerca do papel das institucións na procura dun cambio social

- **ENCARNA LAGO**, xerente da Rede Museística de Lugo, que comprende o Museo Provincial de Lugo, o Museo Etnográfico de San Paio de Narla en Friol, o Museo Pazo de Tor en Monforte de Lemos e o Museo Provincial do Mar en San Cibrao.
- **CARLOS QUINTÁNS**, arquitecto e comisario do proxecto de acción cultural 12 MIRADAS – RIVERSIDE, en colaboración co Laboratorio Creativo Vilaseco, obradoiros artísticos participativos na Ribeira Sacra.
- **LUIS MARTÍNEZ CAMPO**, músico, artista e educador, responsable da área de son e escoita na Fundación CerezalesAntonino y Cinia (FCAYC), en Cerezales del Condado (León).

Modera: **PAULA CABALEIRO**, membro da Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas do Consello da Cultura Galega.

20:00 horas
Peche da xornada

Organiza

Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas
Consello da Cultura Galega

Coordina

Paula Cabaleiro

Lugar

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

Inscrición

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado.
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

Organiza:

